



XUNTA DE GALICIA

**DELEGACIÓN TERRITORIAL
DÁ CORUÑA**

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA



**D. José M. Miñones Conde
Concello de Ames
Praza do Concello 2
15220-Bertamiráns (Ames)**

Refª S. ADMIN .LOCAL INT. CO - A12X00894 - Nº expte.: C-AU-112/2019
ASUNTO: Resolución ampliación horario de peche
Establecementos: Establecementos hostaleiros do concello de Ames
Datas: 07, 08, 09, 10 e 11 de agosto (FESTAS DA PEREGRINA DE BERTAMIRÁNS)
Solicitante: Concello de Ames

FEITOS

PRIMEIRO.- O 22 de xullo recibíuse a solicitude de D. José M. Miñones Conde, en representación do concello de Ames, para ampliar nunha hora o horario límite de peche que teña establecido cada un dos locais de hostalería situados no concello, os días 07, 08, 09, 10 e 11 de agosto, con motivo das Festas da Peregrina de Bertamiráns.

SEGUNDO.- O 02 de agosto achegaron o pago da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

UNICO.- De conformidade co artigo 5.1, a) da Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 20 de xuño de 2005), os delegados provinciais *poderán autorizar ampliacións de unha hora sobre os horarios límite de peche no suposto de festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares*. Na actualidade a competencia ven establecida aos xefes territoriais en virtude do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG do 01/05/2009).

Polo exposto,

RESOLVO conceder a ampliación dunha hora no horario de peche dos establecementos hostaleiros do concello de Ames os días 07, 08, 09, 10 e 11 de agosto (unha hora sobre os horarios límite de peche establecidos para cada categoría de local), sen que proceda a ampliación a outros supostos ou datas, dado o carácter restritivo da administración de esta excepción.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación de esta resolución.

A Coruña, 05 de agosto de 2019

A xefa territorial

P.S. (orde do 22 de marzo de 2016)

A secretaria territorial

Patricia Rodríguez

